

ACTIVIDADES

AMPLO PROGRAMA DE ACTIVIDADES: actividades náuticas, equitación, tenis, senderismo, así como a práctica do fútbol, tenis, voleipraia, voleibol, baloncesto, aeróbic, baile...

VELADAS NOCTURNAS: realizaranse actividades e xogos que teñan elementos que fomenten a comunicación, o intercambio de experiencias, a convivencia e o respecto polos demais.

ACTIVIDADES CULTURAIS: visita a centros de interese cultural na comarca, e na cidade da Coruña.

DOCUMENTACIÓN QUE SE ENTREGARÁ:

Para formalizar a inscrición debes entregar no teu concello:

- 1.–Ficha de inscrición debidamente cuberta e asinada polos pais ou titores do solicitante.
- 2.–Unha foto tipo carné.
- 3.–Fotocopia da tarxeta sanitaria.
- 4.–Fotocopia do libro de familia ou carné de identidade.
- 5.–Copia de aboamento da cota de inscrición. (Posterior á confirmación da praza por parte do concello).
- 6.–No suposto de que a/o nena/o necesitara ter un tratamento específico ou doenza que se deba ter en conta, xustificante médico asinado polo facultativo pertinente. **IMPORTANTE** facer constar as alerxias alimentarias ou de calquera outro tipo.

| QUENDAS | CONCELLOS |
|-------------------------------------|---|
| 1ª QUENDA (do 1 ao 6 de xullo) | Abegondo, Ares, Betanzos, Cabanas, A Capela, Cariño, Cedeira, Cerdido, Fene, Ferrol, Irixoa, Mañón, Miño, Moeche, Mugaros, Narón, Neda, Ortigueira, Paderne, Pontedeume, As Pontes, San Sadurniño, As Somozas, Valdoviño e Vilarmaior. |
| 2ª QUENDA (do 8 ao 13 de xullo) | Aranga, Arteixo, Arzúa, Bergondo, Boimorto, Cambre, Carral, Coirós, Culleredo, Curtis, Frades, Melide, Mesía, O Pino, Oleiros, Ordes, Oroso, Ozacesuras, Sada, Santiso, Sobrado, Toques, Touro e Vilasantar. |
| 3ª QUENDA (do 15 ao 20 de xullo) | Ames, A Baña, Boiro, Boqueixón, Brión, Dodro, Lousame, Negreira, Noia, Padrón, A Pobra do Caramiñal, Porto do Son, Rianxo, Riveira, Rois, Santiago, Teo, Tordoia, Trazo, Val do Dubra e Vedra |
| 4ª QUENDA (do 22 ao 27 de xullo) | Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carballo, Carnota, Cee, Cerceda, Corcubión, Coristanco, A Coruña, Dumbria, Fisterra, A Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Muros, Muxía, Outes, Ponteceso, Santa Comba, Vimianzo e Zas. |

CAMPAMENTOS DEPORTIVOS DE VERÁN • 2018

(DO 1 AO 27 DE XULLO)

**NAS INSTALACIÓNS DO CENTRO CALVO
SOTELO, NO CONCELLO DA CORUÑA
(rúa Archer Milton Huntington, 24).**

**DESTINADO A RAPACES/ZAS DE ENTRE 9 A 14
ANOS, AMBAS IDADES INCLUIDAS,
CUMPRIDOS NO PRESENTE ANO 2018;**

**OS/AS PARTICIPANTES TEÑEN QUE ESTAR
EMPADROADOS NO CONCELLO.**

INSCRICIÓNS: NOS CONCELLOS RESPECTIVOS

**PRAZO LÍMITE DE INSCRICIÓNS NOS
CONCELLOS: 15 DE XUÑO DE 2018**

INFORMACIÓN: Gabinete de Deportes da Deputación da Coruña
Tel.: 981 08 06 44
gabinete.deportes@dacoruna.gal
www.dacoruna.gal/deportes

INFORMACIÓN XERAL

LUGAR: CONCELLO DE A CORUÑA

ALOXAMENTO: CENTRO CALVO SOTELO, rúa Archer Milton Huntington, 24 (A CORUÑA)

DURACIÓN: Dende o domingo (chegada para cear), ata o venres seguinte (saída tralo almorzo).

QUENDAS:

1ª QUENDA: do 1 ao 6 de xullo.

2ª QUENDA: do 8 ao 13 de xullo.

3ª QUENDA: do 15 ao 20 de xullo.

4ª QUENDA: do 22 ao 27 de xullo.

INCORPORACIÓN: o domingo pola tarde, entre as 18:00 horas e as 19:00 horas, no Centro Calvo Sotelo

REGRESO: o venres seguinte, tralo almorzo.

COTA DE INSCRICIÓN: 85,00 € (oitenta e cinco euros), que se ingresarán, unha vez o/a interesado/a obteña praza, na conta determinada pola Deputación da Coruña, facendo constar “*Campamento Deportivo Deputación da Coruña 2018*”, ademáis do nome do/a participante inscrito e concello ó que pertence.

O nº de conta será publicado na web da Deputación da Coruña.

INCLÚE: transporte interno, estadía e manutención en residencia, e todo gasto que ocasionen as actividades programadas

EQUIPO RECOMENDADO

Roupa de rúa (pantalóns, camisas).

- Equipamento deportivo (suadoiro, pantalóns curtos, camiseta deportivas, calcetíns, zapatillas de deportes, chancas para a ducha, traxe de baño, útiles de praia e piscina).
- Toallas de aseo.
- Útiles de aseo (xabón, peite, cepillo e pasta de dentes, colonia e/ou desodorizante).
- Saco de durmir e lanterna.
- Gafas para o sol.
- Crema protectora para o sol, factor alto.
- Chuvasqueiro.
- Mochila pequena.

MATERIAL

O material propio das actividades deportivas (raquetas de tenis, balóns e chalecos salvavidas) será proporcionado pola organización a cada participante durante a celebración do campamento.

INSCRICIÓN

No teu concello, antes do 15 de xuño de 2018.

Tendo preferencia os rapazes que non participasen no campamento deportivo da Deputación en edicions anteriores. (Realizárase o sorteo, no caso de ser preciso, nos dous días seguintes á finalización do prazo de inscrición)

Remítirase a listaxe por parte dos concellos á Deputación vía correo electrónico a gabinete.deportes@dacoruna.gal, e tamén por Rextro Xeral.

FICHA DE INSCRICIÓN:

Concello de _____

Quenda 1ª 2ª

FOTO

Datos do solicitante

Apelidos _____

Nome _____ Data de nacemento _____

Enderezo _____

Localidade _____ Concello _____ CP _____

DNI _____

Centro de estudos _____

Localidade _____

Datos médicos

Vacinas subministradas _____

Alerxias, se é positivo detalle cales _____

Outras observacións de interese _____

No caso de urxencia avise a _____

DNI _____ Tel.: _____

Autorizo a realizar reportaxe fotográfica a meu fillo/a, e que se publique na web de Deportes da Deputación da Coruña

Si Non

Autorización para participar no Campamento Deportivo 2018

D./Dª _____,

con DNI _____, como (pai, nai, titor/a) da persoa solicitante, autorizo a asistencia ao Campamento Deportivo 2018, e declaro que non padece ningunha enfermidade que lle impida participar neste programa.

_____, de _____ de 2018

Asdo.: _____

Os datos subministrados nesta ficha están protexidos pola Lei 15/1999 de protección de datos e unicamente serán empregados pola Deputación Provincial da Coruña para atender a súa solicitude de participación no Programa “Campamentos Deportivos 2018”. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderán executarse mediante correo postal, debidamente identificado mediante achega de copia do DNI ao seguinte enderezo: Deputación Provincial da Coruña, Avda. Porto da Coruña, 2, 15003 A Coruña.